



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

RESOLUCIÓN 173/2016 NOMEAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E TENENTES DE ALCALDE

En Outes, o 26 DE AGOSTO DE 2016, a Sra. alcaldesa do Concello, D^a María Beatriz Molinos Vidal, dita a seguinte resolución:

Consonte os artigos 21.2 e 3, e 23.1, 3 e 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local (en diante, LBRL); 61.2, 62 e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en diante, LALG); e 43 e seguintes do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais (en diante, ROF),

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomeamento da Xunta de Goberno Local

Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós seguintes concelleiros:

- D. Carlos Enrique López Crespo
- Da. M^a Carmen Leis Buján
- D. Manuel J. García Fiuza
- D. Tomás Gosende Cambeiro

SEGUNDO.- Nomeamento de tenentes de alcalde

Nomear tenentes de alcalde ós seguintes concelleiros pola orde que se sinala:

- Primeiro: D. Carlos E. López Crespo
- Segundo: Da. M^a Carmen Leis Buján
- Terceiro: D. Manuel J. García Fiuza
- Cuarto: D. Tomás Gosende Cambeiro

TERCEIRO.- Delegación de competencias na Xunta de Goberno Local

Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes competencias da Alcaldía:

- 1) Autorizar e dispor os gastos, e recoñecemento de obrigacións que superen a contía de 6.000,0 €.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

2) Aprobación de bases reguladoras de convocatorias, concesións e xustificación de subvencións a terceiros.

3) Aceptación de subvencións outorgadas a favor do Concello.

4) Aprobación de listas de contribuíntes de tributos e prezos públicos municipais, resolución de recursos contra os actos de xestión tributaria, e anulación de recibos; e a concesión de exencións do imposto municipal de vehículos de tracción mecánica.

5) Aprobar a oferta de emprego público con suxeición ao orzamento e ao cadro de persoal aprobados polo Pleno da Corporación, as bases das probas de selección do persoal funcionario e laboral, e as bases para a provisión de postos de traballo.

6) O nomeamento do persoal funcionario e laboral, e o exercicio das potestades organizatoria e disciplinaria en materia de persoal, coas limitacións que sobre atribucións indelegables prevé a LBRL.

7) Aprobar os proxectos de obras e servizos que lle competan ao alcalde e cando lle corresponda a súa contratación de conformidade co apartado seguinte.

8) A contratación de calquera clase de obras, xestión de servizos públicos, subministracións, consultoría e asistencia ou servizos, que lle competen ó alcalde, non sendo as que se tramiten como contratos menores.

9) A adquisición e o alleamento de bens e dereitos que lle corresponden ó alcalde e que teñan un valor superior a 3.000,00 €.

10) Aprobar os criterios e normas sobre a xestión dos servizos públicos, cando non lle correspondan ó Pleno.

11) Aprobar os instrumentos de planeamento que desenvolvan o plan xeral, os instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización, cando non lle correspondan ó Pleno.

12) Outorgar as licenzas urbanísticas de obras e de actividades, e informar nos procedementos de construcións e instalacións en solo rústico.

13) A declaración de ruína dos inmobles, as ordes de execución de obras e as decisións sobre reposición da legalidade e sancionadoras en materia de disciplina urbanística, non sendo en casos de urxencia.

14) A resolución de toda clase de procedementos sancionadores que se tramiten por infraccións graves ou moi graves previstas nas ordenanzas municipais e, en xeral, no resto do ordenamento xurídico.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

15) O outorgamento, autorización de transmisión e declaración de caducidade das licenzas de autotaxi.

16) O outorgamento de autorizacións para o uso ou aproveitamento especial e privativo do dominio público, cando non lle correspondan ao Pleno.

17) Os plans xerais de actuación das diversas áreas municipais e a programación temporal da súa execución, sen prexuízo das competencias que lle correspondan ó Pleno da Corporación.

CUARTO.- Nomeamento de concelleiros-delegados da Alcaldía

I. Delegacións xenéricas

Nomear concelleiros-delegados con facultades para dirixir e xestiona-los servizos correspondentes baixo a supervisión da Alcaldía, ós seguintes concelleiros:

- Concelleiro-delegado da área de Facenda, persoal e seguridade cidadá, a D. Carlos E. López Crespo
- Concelleira-delegada da área de Asuntos sociais e dependencia, a Da. M^a do Carme Leis Buján.
- Concelleiro-delegado da área de Cultura e deportes, a D. Manuel J. García Fiuza.
- Concelleiro-delegado da área de Urbanismo, obras e servizos, a D. Tomás Gosende Cambeiro.

II. Delegacións especiais

1. Nomear concelleiros-delegados especiais con responsabilidade para a atención específica e supervisión de servizos públicos en materia de:

- muller, igualdade e educación, a Da. Juana Lago Prol.
- medio ambiente e desenvolvemento rural, a D^a Guadalupe Gosende Castelo
- xuventude, voluntariado, asuntos do mar e de turismo, a D. Andrés Castro Abelleira.

2. Nomear concelleiros delegados especiais con responsabilidade para a atención específica e supervisión de servizos públicos nas parroquias do municipio a:

- D. Carlos E. López Crespo, para as parroquias de Cando, Tarás e Sabardes.
- Da. M^a do Carme Leis Buján, para a parroquia de Santo Ourente de Entíns.
- D. Manuel J. García Fiuza, para a parroquia de Sta. María de Entíns.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

- Da. Juana Lago Prol e D. Andrés Castro Abelleira, para a parroquia de Outeiro.
- D. Manuel J. García Fiuza e D. Andrés Castro Abelleira, para a parroquia de Roo.
- D. Tomás Gosende Cambeiro, para as parroquias de Matasueiro, Valadares e Outes.

QUINTO.- Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia.

A alcaldesa

Perante min, o Secretario

Asdo. María Beatriz Molinos Vidal

Asdo. Andrés Busto Allo